

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades é o responsable da publicación do primeiro libro sobre o protagonista das Letras Galegas.

# Celebrando a Novoneyra

Elba Rey, a súa viúva, asina o limiar

## LIBROS

ARMANDO REQUEIXO



Vénse achegando paseniño, como cada ano, a Día das Letras Galegas. Dentro dunhas cantas semanas celebraremos simbolicamente a memoria dun dos nosos mellores poetas do pasado século, Uxío Novoneyra. Con tal motivo son xa varias as monografías que foron aparecendo nos últimos meses nas que se glosa a vida e obra deste insigne courelao.

Pois ben, de entre a meritoria nómina de traballos aos que aludo, non quería hoxe deixar pasar a ocasión de recomendarlles aos interesados no autor de Muller pra lonxe un volume que considero esencial para o bo coñecemento da escrita novoneyriana en toda a súa extensión.

Refírome a “Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)”, publicado polo Centro Ramón Piñeiro de Santiago nun traballo colectivo de edición do que se encargaron Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto, Élica Abal Santorum, Iris e Luís Cochón

**“Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)”  
Centro Ramón Piñeiro**



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO  
(XIV)

*A casa! o val! a patria homilde!*



Celebración de Uxío Novoneyra  
(1930 - 1999)

XUNTA DE GALICIA



Novoneyra, Maside e Manuel María, xuntos en 1955

e mais Monserrat Vázquez Riveiro.

O libro, de carácter marcadamente misceláneo, reúne grande cantidade de textos de diverso xorne, principiando cun introito evocador en forma de “Alalá” asinado pola viúva do poeta, Elba Rey. A seguir unha longa e moi documentada crono-bibliografía (máis de sesenta páxinas) dá conta dos principais riscos na traxectoria autorial do escritor, relación esta que se ve enriquecida cun aparato fotográfico ben valioso, no que se contan instantáneas pouco coñecidas do poeta xunto a numerosas reproducións das cubertas dos seus libros e outros materiais.

Este relato cronobiobibliográfico vese complementado na seguinte das seccións da obra, dedicada por enteiro á relación exhaustiva do currículo poético como colaborador da prensa de Novoneyra. Figuran aquí consignadas ducias de composicións aparecidas en medio cento de xornais e revistas e en máis dunha decena de volumes colectivos, constituíndo sen dúbida unha das bibliografías –senón a que máis– con maior referenciado de fontes.

Mais se os dous apartados descritos resultan de interese

## RECOMPILACIÓN

“O conxunto, pois, ofrece nu mostrario moi completo de materiais que, de seguro, han sorprenden”

certo, non menos estimables serán para o lector o medio cento de prosas inéditas (pregóns, lecturas públicas, textos de presentación de libros...) e a media ducia de poemas (semi)inéditos que se dispoñen nas dúas seguintes seccións, escritos todos que supoñen unha achega decisiva para o coñecemento integral da produción do do Courel, do que aquí se exhuman e recuperan creacións de innegable atractivo.

Por se non abondase co descrito, o volume atesoura aínda outras regalías, como a transcripción de epístolas de, a e sobre o autor, a reprodución de diversos mecanoscritos e versos caligráficos e varias notas autopoéticas, amais dun apéndice documental con textos da vida académica do Novoneyra estudante.


O conxunto, pois, ofrece un mostrario moi completo de materiais que, de seguro, han sorprenden moi gratamente tanto aos fieis seguidores da poesía do courelao como aos estudosos da súa obra, pois para uns e para outros esta “Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)” será unha escusa perfecta para afondar na celmosa alvariza creativa dun artista incomparable a quen este ano rendemos merecida homenaxe.

## literaria

### La historia de Bonnie y Clyde a través de sus cartas

■ Como sucedió en un tiempo con determinados delincuentes, la muerte prematura –tenían 25 y 26 años en ese momento– de la pareja formada por Bonnie Parker y Clyde Barrow los convirtió muy pronto –la primera película que se basó en su historia se filmó en 1937, apenas tres años después de su fallecimiento– en unos mitos y, por descontado, en la pareja de forajidos delincuentes más popular de la Historia de Estados Unidos. A ellos se les atribuyeron robos en cinco estados y sobre las espaldas de Clyde pesan doce o trece asesinatos. En esa carrera delictiva que sólo pudo parar un tiroteo de la policía de Texas sobre el que se han escrito ríos de tinta, hubo un par de estancias en la cárcel. Durant la primera, en 1930, cuando casi se acababan de conocer, se escribieron cartas cargadas de una pasión adolescente y, por lo tanto, tremendamente ingenuas. Lo cierto es que esa estancia de Clyde en la cárcel lo transformó, pues las cárceles, en términos absolutos, suelen perjudicar a los presos al ponerlos en contacto con la

flor y nata de la delincuencia. En prisión, él se convirtió en asesino –el asesino de quien abusaba sexualmente de él– y, desde ahí y hasta el final, no paró. En esta edición, maravillosamente cuidada, de Alpha Decay se presentan las cartas por primera vez en castellano, además de algunos poemas de amor de Bonnie.



**“Wanted Lovers. Las cartas de amor de Bonnie & Clyde”  
Edición de Ana S. Pareja  
Traducción de Albert Fuentes  
Alpha Decay / 14 euros**

## literaria

### Los cimientos de la narrativa de Rafael Chirbes, a la vista

■ ¿De dónde nace la literatura de Rafael Chirbes? El propio escritor intenta explicarlo en el ensayo “Por cuenta propia. Leer y escribir” que publica Anagrama. En esta recopilación de artículos y conferencias se pasean los maestros clásicos y contem-

poráneos del autor, desde “La Celestina”, “El Quijote” y Galdós hasta la influencia de Martín Gaité, la admiración por Vázquez Montalbán o la sorpresa ante Andrés Barba. Chirbes indaga en el significado de la novela pero, sobre todo, en la

mirada del escritor, responsable de una búsqueda incesante, de un cuestionamiento continuo de sus posiciones que se enfrenta a la complacencia exterior. Precisamente Chirbes es un autor al margen desde su primera novela, “Mimoun” (1988), en la que los analistas quisieron leer una crítica a la falsa euforia de la Transición española y a la “cultura del pelotazo”, cuyas consecuencias llegan hasta hoy. Lo hace con un estilo depurado, con la palabra exacta, haciendo fácil lo difícil, como si construir un discurso coherente, lúcido y obligatoriamente inseguro sobre la novela no fuese el trabajo de una vida.

## Rafael Chirbes



**Por cuenta propia**  
*Leer y escribir*

**“Por cuenta propia. Leer y escribir”  
Rafael Chirbes  
Anagrama / 18,50 euros**